

A débeda pagarase con cargo ao orzamento de 2006

O Concello recoñece outros 592.150 euros en facturas do goberno anterior

O goberno de Melide fixo un novo recoñecemento extraxudicial de crédito de facturas impagadas do mandato anterior. Trátase de 212 facturas emitidas nos anos 2003 e 2004 cando gobernaba Miguel Pampín, e que ascenden a 592.150 euros. Estas facturas serán pagadas con cargo aos orzamentos aprobados polo Concello para 2006. Segundo comentou a alcaldesa Ánxeles Vázquez no último pleno, nos orzamen-

tos xa aparecía desglosada unha partida destinada a dita débeda. Con este novo recoñecemento extraxudicial, son xa sete os que o actual goberno fixo de débedas do mandatario anterior. En total, as facturas impagadas deixadas polo rexedor anterior ascenden a 1,8 millóns de euros, dos que só quedan por pagar os 592.150 euros que corresponderían ao último recoñecemento, e que se pagarán este ano **L5**



Máis de 6.000 maiores participaron na xuntanza de lecer en Melide

A área recreativa de Fuerlos foi o lugar escollido pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para celebrar a terceira festa do programa Lecer para os nosos maiores, que congregou a máis

de 6.000 persoas da provincia da Coruña. O vicepresidente da Xunta, Anxo Quintana, asistiu ao encontro que comezou arredor das 10 da mañá e se prolongou ata ben entrada a tardiña. Xosé

Manuel Piñeiro exerceu de mestre de cerimonia nunha xornada na que participaron os grupos locais O Castelo, Axóuxere, Froito Novo, Os Melidaos e a Banda Municipal, entre outros **L13**

ASETEM-CCA recibe unha subvención de 51.498 euros para a promoción do CCA

A consellería de Innovación e Industria ven de concederlle a ASETEM-CCA unha subvención para a promoción e desenvolvemento do centro comercial aberto. A contía aprobada corresponde ao 60% do investimento subvencionable, sendo esa porcentaxe o máximo que se pode destinar ao colectivo para a promoción do centro comercial aberto. Con esta axuda do departamento de Fernando Blanco, ASETEM-CCA levará a cabo novas campañas en prol do comercio local. A axuda servirá para a posta en marcha de iniciativas de dinamización e potenciación do sector comercial **L4**

Máis de 760 hectáreas arderon durante a vaga de lumes na comarca, según o CSIC

O Centro Superior de Investigacións Científicas calcula en máis de 760 as hectáreas de terreo que arderon nos concellos da comarca durante a vaga de lumes que azoutou Galicia no mes de agosto. Segundo os cálculos do CSIC, unha das zonas máis afectadas é a Serra do Careón, unha área protexida da que arderon 658 hectáreas, case o 10% da superficie total do espaico, declarado Lugar de Importancia Comunitaria **L5**

O San Roque 2006 recibiu a visita inesperada da chuvia

As festas do San Roque quedaron en parte empañadas pola chuvia, que non deu tregua para a festa os primeiros días de celebracións. Para compensar a mala climatoloxía, o Concello engadiu un día máis de festexos, o luns, que contaron coa actuación de dous grupos. As festas, coma en anos anteriores, comezaron coa actuación da Orquestra

Sinfónica de Melide. O sábado foi o día grande das festas ao estar amparado polo bo tempo, e xuntar no Cantón de San Roque as orquestras París de Noia e Panorama. O prato forte do domingo foi a actuación do grupo barcelonés Muchachito Bombo Infierno. O custo das festas resultou superior a 167.000 euros segundo os datos manexados polo Concello **L5, 11 e 12**

Editorial

Axudas

O pasado mes de agosto a Asociación de Empresarios Terra de Melide- Centro Comercial Aberto recibiu unha excelente nova da administración. A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Innovación e Industria, da que depende a Dirección Xeral de Comercio, daba o visto bo a unha subvención que o noso colectivo solicitou. A Consellería remitiunos unha carta na que nos informaba da aprobación dunha axuda destinada a dinamizar o Centro Comercial Aberto que puxemos en marcha hai algúns meses. A contía de subvención supera os 50.000 euros, e corresponde ao máximo subvencionable, o 60% do investimento previsto. Sen dúbida, boas novas coma esta animan a seguir traballando e loitando polo noso colectivo.

A axuda que a Xunta de Galicia nos otorga ten como meta última a dinamización e potenciación do Centro Comercial Aberto que

puxemos en marcha dende a Asociación de Empresarios. Pero, no fondo, a axuda que a administración autonómica nos ofrece vai máis aló. Eses cartos servirán para dar un pulo ao comercio melidense, que non está a atravesar o seu mellor momento, ao igual que ocorre con case todo o pequeno comercio galego.

A axuda que nos conceden dende a Dirección Xeral de Comercio empregará na posta en marcha de novas iniciativas que impulsen o comercio melidense. En dar a coñecer o Centro Comercial Aberto e en novas campañas destinadas a un incremento nas vendas. Todo, coa vista posta en mellorar a situación do pequeno comerciante en Melide, que, á fin e ao cabo, é un dos eixos que sustentan a economía do noso municipio.

Dende ASETEM-CCA estamos a traballar en novos proxectos que teñen como final favorecer aos comerciantes da nosa vila e do noso con-

cello. Estamos a buscar novos incentivos para que a xente da comarca faga as súas compras en na vila, e para que deste xeito a riqueza que se xera na zona quede na zona. Para lograr iso, hai que ofrecerlle ao público produtos de calidade, que xa os temos; un servizo correcto, que é o que caracteriza aos nosos comerciantes; e algo máis. Nese algo máis estamos a traballar dende a Asociación de Empresarios Terra de Melide.

Dende os Centros Comerciais Abertos de toda Galicia estanse a poñer en marcha campañas de fidelización dos clientes, sorteos de regalos, premios á asiduidade dos compradores, e un senfin de iniciativas. Nestes proxectos tamén estamos a traballar dende A S E T E M - C C A . Atopámonos inmersos en setembro, e toca comezar a desenvolver iniciativas concretas. A máis próxima será a campaña de Nadal, que agardamos sexa exitosa.

Tribuna de opinión

Débeda histórica

JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ ÁLVAREZ

Hai algunhas semanas tivemos noticias de quén serán os beneficiarios das axudas do Concello de Melide en 2006. O listado de beneficiarios inclúe comisións de festas, actividades educativas como preescolar na casa, e diferentes colectivos. Nesa lista de asociacións, ao igual ca en anos anteriores, non está a Asociación de Empresarios Terra de Melide- Centro Comercial Aberto. Supoño que teño que recoñecer que non nos estraña, porque o noso colectivo, principal eixo do sector empresarial e comercial da comarca, non está dentro do listado de beneficiarios do Concello, dende hai tempo. Non entrarei agora en razóns, causas e demais, pero si no fondo.

ASETEM-CCA conta con preto de 150 socios. Aglutina a meirande parte das empresas e dos comercios que operan no concello de Melide e en municipios veciños. Somos impulsores e defensores a ultranza do futuro da nosa comarca, e traballamos por e para os empresarios e comerciantes de Melide, o que implica traballar pola comarca. As empresas e os establecementos comerciais melidenses sustentan en boa parte a economía da zona. Crean postos de traballo e xeran riqueza, e, polo tanto, o que fan é redundar nun claro beneficio para o concello e todos os seus veciños.

Se este é o noso obxectivo, e a nosa intención. Non somos acaso merecentes dalgúha axuda por parte do Concello? Non se non debería recoñecer dalgún xeito o que estamos a traballar pola vila e o municipio? Non quero que semelle que estamos a mendigar subvencións. Nin moito menos. É simplemente que a lóxica fai pensar que as institucións nos deberían respaldar. Ao fin e ao cabo, todos estamos a traballar polo mesmo. Por un Melide mellor e de futuro. Sen embargo, nós temos que facelo única e exclusivamente polos nosos medios. Afortunadamente contamos co respaldo doutros organismos e institucións que coas súas axudas si recoñecen a labor que ASETEM-CCA está a facer polo seu pobo e polo seu concello. Agardemos que algún día os gobernantes deste concello saiban recoñecer o noso traballo e a nosa defensa de Melide. Porque existe unha débeda histórica con nós.

Cerne Terra de Melide

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta. 2.000 exemplares.

DIRECCIÓN E REDACCIÓN: Lorena García Calvo

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (A.S.E.T.E.M)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981506188 Correo electrónico: info@asetem.com

COLABORACIÓNS: Xosé Domingos Fuciños.

AGRADECIMENTOS: Jorge Sangiao, M^a Pilar López

IMPRESIÓN: Norpremsa S.A.

DEPÓSITO LEGAL: LU-456-05

Cerne Terra de Melide non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores




Rúa Rocamador, 2

Tfno.: 981 50 51 64

Fax: 981 81 54 66

15.800 MELIDE (A Coruña)



As 1.260 facturas de Miguel Pampín

GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE MELIDE

Unha vez máis, temos que falar das facturas que deixou sen pagar Miguel Pampín. Hai pouco tivemos coñecemento de máis facturas pendentes dos anos 2003 e 2004 que deberán ser pagadas este ano. Son un total de 212 facturas que suman 592.150,94 euros (case 100 millóns de ptas.). O BNG pregúntase cando se saldarán as débedas de Miguel Pampín, pois semellan non ter fin.

Cumpríronse dous anos dende que o ex-alcalde decidiu ceder o mando do concello á candidata número cinco da lista do PP

e, dende aquela, non deixan de aparecer facturas e máis facturas sen pagar. A día de hoxe, xa hai recoñecidas un total de 1.260 facturas, que ascenden á unha suma global de 1.825.392 euros (304 millóns de ptas.). Pensamos que son datos importantes que deben coñecer os melidenses e, por iso, o BNG puxo carteis informativos polas rúas, xa que temos prohibido falar en Radio Melide a pesares de ser un medio de comunicación municipal e público que pagamos todos. Por se non abundasen os atrancos, aínda hai xente que reacciona como se vivísamos

nos tempos escuros da desinformación e do caciquismo, dedicándose a arrincar os carteis do BNG. Este feito tan lamentable e ruín non serve máis que para manchar a quen o comete. A pesares disto, o BNG seguirá mantendo as formas e respectando, como fixo sempre, os carteis que pon o Concello, e nunca os arrincará. Porque, sen dúbida algunha, somos moi diferentes ao PP e defenderemos sempre o respecto, a transparencia, e o dereito da xente a estar informada do que fan e deixan de facer os políticos a quen votaron.

O equipo de goberno e a praia fluvial

AGRUPACIÓN SOCIALISTA DE MELIDE

Dende este grupo municipal estamos a preguntarnos cara donde mira o equipo de goberno do PP, porque o está craro é non mira para nada ás necesidades e demandas do pobo, en mocións presentadas nos plenos correspondientes xa de cara o verán, propuxemos que se levaran a cabo as labores de limpeza e acondicionamento da praia fluvial de Furelos, ó que se nos contesta por parte da portavoz do equipo de goberno do PP, que xa se realizou a limpeza do cauce do río, e que polo tanto xa está en condicións óptimas para

os usuarios, ante esta resposta imos comprobar se é certo e vemos que non se fixo o que se tiña que facer; pois esta historia repítese nos tres últimos anos, chega o verán e non temos o río en condicións nen de poderse bañar ser risco de afundir nun metro de lodo, nen podernos sentar sobre a herba, porque non a hai.

O mesmo pasa coas continuas peticións deste grupo de que se coloquen máis contenedores e se limpen con máis frecuencia a lo menos no verán, porque hai días nos que o cheiro que

desprenden case fai que teñamos que tirar o lixo con máscara antigas, e xa non digamos pasar por diante deles.

Sra. Alcaldesa desatendeu a demanada que nós lle fixemos, tamén vai desatender ás dos veciños que tomaron a iniciativa de recoller firmas para instala a que acondicione debidamente a praia fluvial, non esqueza que o pobo é o que manda, non vostede ou o que esteña no seu lugar, e que os nosos impostos son para mellorar o noso concello, non para despilfarrar, como se está a facer...

Espazo reservado para o Partido Popular

Ao igual ca en números anteriores, Cerne está aberto ás colaboracións e opinións do Partido Popular de Melide. O grupo municipal popular ten o seu oco nestas páxinas, e agardamos que en vindeiras edicións teñen a ben aproveitar esta oportunidade.

Os responsables da edición deste xornal lamentamos o choque estético que poida provocar este espazo e agardamos poder incluír pronto a voz do partido maioritario na vila para que expoña a súa opinión sobre os temas de actualidade que se suceden no municipio.

Ata entón, pedimos disculpas aos lectores de Cerne por este imprevisto.

Cerne. Terra de Melide.

**Anúnciate
en Cerne**

**Chama ao
981.506.188
e infórmate
sen
compromiso**

HC
Hotel Carlos '96

RESTAURANTE
CAFÉ - BAR
BODAS / BANQUETES
COMIDAS DE EMPRESAS

Tfno.: 981 50 76 33
Fax: 981 81 53 12
Avda. de Lugo, 119
15800 MELIDE (A Coruña)
e-mail: hc96@wanadoo.es



**Joyería
Oro Ley**

Taller Propio

**Rúa San Pedro, 14
15800 MELIDE
(A CORUÑA) Telf.: 981505468**

A axuda servirá para a posta en marcha de novas iniciativas en prol do comercio melidense

A Xunta concede 51.498 euros a ASETEM-CCA para promocionar o centro comercial aberto

Redacción
Melide

A Dirección Xeral de Comercio e Consumo, dependente da Consellería de Innovación e Industria comunicou recentemente a ASETEM-CCA a resolución da concesión dunha axuda por importe de 51.498 euros para actuacións de promoción dos centros comerciais abertos e os eixos comerciais. A subvención que a Xunta concedeu a ASETEM-CCA estará destinada á posta en marcha de novas iniciativas que impulsen o comercio local, como son campañas dirixidas ao consumidor, publicidade, ou actuacións destinada á identificación comercial.

A Xunta de Galicia concedeu a ASETEM-CCA o 60% do importe

do investimento total subvencionable. O Centro Comercial Aberto promovido dende ASETEM é o único da zona inscrito na Rede Galega de Centros Comerciais Abertos. Para dotar de contido a axuda, a Asociación de Empresarios atópase inmersa xa na posta en marcha de novas campañas de potenciación e dinamización do comercio local.

Axudas do Concello
Doutra banda, o Concello de Melide concedeu neste 2006 unha serie de subvencións nominativas ou directas a algunhas asociacións culturais e deportivas do municipio. Ao contario có ano pasado, nesta ocasión o Concello non fixo unha convocatoria pública

para que se solicitasen as axudas, senón que foi o propio organismo o que outorgou as asubvencións de xeito directo, segundo informou o BNG.

Os nacionalistas melidenses critican o feito de que moitos dos colectivos que operan en Melide non se atopan entre as asociacións beneficiarias das subvencións, como é o caso de ASETEM-CCA. Tampouco recibirán axuda do Concello o Club Ciclista Melidense, a Asociación cultural Terra de Melide, as asociacións Río Furelos e Ponte Mazaira, a APA do I.E.S. Melide, a KTM, a asociación ecoloxista Curuxás, a Teiroa do I.E.S., nin os diversos grupos folclóricos xurdidos no municipio.

Beneficiarios das subvencións nominativas do 2006 do Concello de Melide.

Beneficiario	Importe en euros
Fundación Preescolar na casa	15.292
Organización festas Orois	210,35
Organización festas Xubial	210,35
Organización festas Maceda	210,35
Organización festas San Salvador	210,35
Organización festas Vititirz	210,35
Organización festas Baltar	210,35
Organización festas Grobas	210,35
Organización festas Zas de Rei	210,35
Organización festas Santa María	210,35
Organización festas Folladela	210,35
Organización festas San Martiño das V.	210,35
Organización festas Os Ánxe les	210,35
Organización festas San Cosme	210,35
Organización festas Barreiro	210,35
Organización festas Cazallas	210,35
Organización festas Furelos	210,35
Organización festas Golán	210,35
Organización festas Gondollín	210,35
Organización festas Lebo reiro	210,35
Organización festas Meire	210,35
Organización festas San Antonio (Melide)	210,35
Organización festas Carme (Melide)	2.500
Organización festas Santalla	210,35
Melide Fútbol Sala	2.000
Moto Club	600
Tecor	600
APA Espertar	800
APA Camiño Real	800
APA Cerne	800
Coral Polofónica de Melide	1.800
Catasol	1.500
Museo da Terra de Melide	500
Cáritas Melide	600
CIRE	4.000
CCA	6.000

A RÚA OPINA

Plantexámoslle á xente da rúa cuestións de interese vencellada á actualidade da comarca para tomarlle o pulso ao día a día dándolle a palabra aos auténticos protagonistas.

- 1.Qué balance fai do San Roque 2006?
- 2.Qué foi o mellor?
- 3.Cambiaría ou melloraría algo?



Marco Cambeiro

- 1. Cada ano peor en programación cultural e actividades pola tardes. Pero hai que seguir apoiando as festas porque son unha cita obrigada en agosto.
- 2.Os horarios de peche dos locais, e a xente, que aguanta estoicamente o barullo da xente nas rúas.
- 3. Creo que é necesario habilitar un lugar de cámping ao que poida acceder calquera, e non un só o que ten a Xunta vía concurso.



Ana Iglesias

- 1. Foron unhas festas moi amenas, e aínda que o tempo non acompañou moito, diminuíu a masificación doutros anos nas zonas de marcha.
- 2. O ambiente na zona de viños e copas e o cartel de orquestras, con algunhas das mellores de Galicia.
- 3. Houbérame gustado que no cartel figurase algún outro grupo recoñecido no panorama musical actual, e non só Muchachito o domingo. E que o tempo acompañase.



Carlos Pena

- 1.Un balance totalmente positivo. Era a primeira vez que viña, e o que me chamou a atención foi a hospitalidade da xente de Melide.
- 2. Entre as cousas boas que me levo, está a crema de oruxo caseira e a ruta que se segue aquí saíndo primeiro de viños e logo aos pubs.
- 3. Fallou o tempo e as instalacións da piscina. A praia fluvial debería estar mellor coidada e ter as instalacións mellor acondicionadas.

Con este sétimo recoñecemento, o total admitido supera os 1,8 millóns O goberno de Melide recoñece outros 592.150 euros en facturas sen pagar do mandato de Pampín

As 212 facturas serán pagadas con cargo ao orzamento do municipio para 2006

Redacción
Melide

O goberno municipal de Melide ven de facer un novo recoñecemento extraxudicial de crédito de facturas impagadas do mandato de Miguel Pampín. Deste volta as facturas sen pagar ascenden a 592.150,94 euros (máis de 98 millóns de pesetas), segundo informou o Bloque Nacionalista Galego de Melide.

Con éste, son xa sete os recoñecementos extraxudiciais de crédito que o goberno de Ánxeles Vázquez tivo que facer nos dous anos que leva no cargo. En total, o actual grupo de goberno recoñeceu 1.825.392 euros (máis de 303 millóns de pesetas) en facturas que Miguel Pampín deixou sen pagar cando dimitiu. Este último recoñecemento corresponde a 212 facturas, que sumadas ás dos seis recoñecementos anteriores,



As facturas recoñecidas pagaránse con cargo ao orzamento deste ano

ascenden a 1.260. As últimas facturas recoñecidas pagaránse con cargo aos orzamentos de 2006, tal e como estaba previsto no presuposto, segundo dixo Vázquez no último pleno.

Segundo o BNG, as facturas impagadas correspon-

den a letras entre os meses de marzo de 2003 e maio de 2004. A oposición tivo coñecemento do último recoñecemento extraxudicial de crédito ao recibir a acta da Xunta de Goberno local celebrada o pasado 13 de xullo, e que BNG e

PSOE recibiron en agosto.

Segundo a voceira do BNG en Melide, Socorro Cea, este recoñecemento confirma as sospeitas do Bloque de que aínda había facturas sen recoñecer nin pagar de exercizos anteriores.

As festas do San Roque superaron os 164.000 euros de gastos

Redacción | Melide

A organización das festas do San Roque 2006 tiveron un custe de 164.738 euros, segundo informou o Concello de Melide logo de que o grupo socialista municipal presentase unha serie de cuestións relativas ás festas no último pleno.

O desglose do custo das actuacións, segundo os datos manexados polo Concello, cifra en 27.350 euros o custo da actuación do grupo Muchachito Bombo Infierno. No tocante ás orquestras, París de Noia e Panorama actuaron o sábado por 11.500 euros cada unha. E o día adicional de festa, o luns, supuxo un gasto engadido de 650 euros.

No capítulo de ingresos, a comisión de festas calcula que se recaudaron 25.400 euros pola instalación das barracas. As aportacións veciñais aínda non se pecharon.

O CSIC cifra en máis de 760 hectáreas a superficie arrasada polos incendios

Redacción
Melide

Agosto foi un mes tráxico na comarca, azoutada, como boa parte de Galicia, pola vaga de lumes. A falla dos datos definitivos, o CSIC, Centro Superior de Investigaciónes Científicas, calcula en algo máis de 760 as hectáreas queimadas na Terra de Melide.

Segundo os datos do CSIC, Toques foi o municipio da comarca máis azoutado polo lume, cun total de 614 hectáreas arrasadas polas lapas

durante a segunda semana do mes de agosto. Melide sitúase tras Toques no macabro ránking de superficie ardida, con 146 hectáreas queimadas. Segundo os datos do estudo elaborado por investigadores do CSIC, a superficie ardida no concello de Santiso quedou en menos dunha hectárea. No municipio de Sobrado o informe de superficies queimadas non ten constancia de lume algún.

Segundo os datos ofrecidos na avaliación do CSIC, a área arrasada polo

lume en Toques supón case o 8% da superficie total do Concello, mentras que a de Melide é inferior ao 2%.

92.000 hectáreas

O estudo do CSIC, actualizado a 13 de agosto, fala de 92.000 hectáreas de terreo queimado en toda Galicia en apenas quince días, o que supón o 3,1% da superficie da comunidade autónoma, e o 4,7% da área forestal galega, é dicir, das zonas de arbolado, material e pastos da comunidade.

O lume queimou a décima parte da Serra do Careón, unha das áreas protexidas máis afectadas

O estudo de avaliación da superficie queimada en Galicia durante a vaga de incendios elaborado por investigadores do Centro Superior de Investigaciónes Científicas desvela a Serra do Careón como unha das áreas protexidas máis afectadas en Galicia. Segundo os datos do CSIC, a do Careón é xunto cos Ancares, Carnota-Monte Pindo e a Costa da Morte, unha das áreas máis afectadas, en termos absolutos. A super-

ficie arrasada polo lume en apenas tres días na Serra do Careón chega ás 658 hectáreas de monte. Case o 10% das 6.644 hectáreas que forman o entorno natural do Careón sucumbiron á lapas.

A serra de Toques foi a área natural protexida que máis sufriu en Galicia a devastación do lume en canto a superficie total arrasada, por diante incluso dos incendios que queimaron o entorno natural da Costa da Morte.

O grupo O Castelo actuou dentro do programa Vai de Camiño | O grupo de gaitas melidense actuou o pasado 19 de agosto en Boimorto xunto con Os Enxebres de Cacheiras. A actuación estivo programada dentro do Vai do Camiño impulsado polo Xacobeo.

Máis de 70 coches participaron no segundo salón tunning | O pazo de congresos acolheu a última fin de semana de agosto a segunda edición do tunning Melide. A pesar de que o primeiro día a afluencia de coches e visitantes foi baixa, o domingo reuníronse arredor de 70 vehículos no recinto.

A Deputación destina unha achega de 30.000 euros ao centro arzuano-melidense en Arxentina | A subvención destinarase a efectuar reparacións no local que o colectivo ten en Bos Aires. O proxecto, denominado "O noso lar", inclúe diversas actuacións no edificio. O Centro arzuano-melidense conta na actualidade con 800 socios, e foi fundado no ano 1935.

Nenos de Toques participarán en setembro na actividade "Un día no mar salgado" | Nenos e nenas de entre 9 e 14 anos participarán os días 3 e 10 de setembro no programa "Un día no mar salgado". Participarán en actividades como iniciación á vela, e aos coñecementos básicos dos nós mariñeiros.

A partida aprobada inclúe xornadas de concienciación dos axentes sociais

O Plan de turismo destinará 250.000 euros a un plan de calidade, información e deseño de marca

Os alcaldes dos concellos beneficiarios poderán aportar ideas ao proxecto

Redacción
Melide

O Plan de turismo aprobado pola Deputación da Coruña e a Consellería de Innovación e Industriaxa está en marcha. O pleno ordinario da Deputación da Coruña do 27 de xullo aprobou a relación de actuacións da primeira anualidade. O orzamento para 2006 ascende a 550.000 euros dos que 250.000 estarán destinados á instalación de puntos de información turística nos concellos beneficiarios do Plan. Tamén se inclúe dentro desa partida o deseño duna marca e dun manual de imaxe corporativa do Plan de Turismo, e a primeira fase dun plan de calidade. Deputación e Xunta crén imprescindible a concienciación dos axentes económicos e sociais dos concellos e a súa inclusión no

plan, polo que tamén se programarán diversas xornadas divulgativas.

Implicación

Para implicar dende o principio aos responsables locais no Plan de Turismo, o pasado 27 de xullo Pablo Villamar, responsable da área de Promoción Económica, Emprego e Turismo da Deputación e a voceira do BNG en dito organismo, Socorro Cea, mantiveron no entorno de Portodemouros unha xuntanza cos alcaldes dos once concellos beneficiarios do plan. Durante a xuntanza de traballo os deputados provinciais expuxéronlle aos rexedores o contido do Plan de Turismo e explicáronlles as primeiras actuacións que se levarán a cabo ao longo do 2006. Así mesmo, emprazaron aos once alcaldes, entre os que



Os alcaldes poderán facer propostas para o Plan

estaban os de Santiso, Melide, Toques e Sobrado, a unha reunión que se celebrará en vindeiros días, e na que poderán propoñer actuacións para as seguintes anualidades, así como falar do catamarán para o encoro de Portodemouros.

O plan asinado por Innovación e Industria e a Deputación de Pontevedra alargarase ata o 2008 e suporá un investimento total nos municipios da zona de 1.200.000 euros. Tanto Deputación como Xunta financiarán ao 50% as actuacións.

A falta de xuntas de voceiros centra parte da última sesión plenaria en Melide

Redacción
Melide

A sesión plenaria celebrada en Melide o un de setembro rematou con todas as mocións presentadas polos grupos da oposición rexeitadas (sete o BNG e unha o PSOE). Unha das mocións que máis tensión xerou foi a presentada pola voceira nacionalista Socorro Cea sobre as xuntas de voceiros. Cea preguntou ao grupo de goberno cando tivera lugar a última reunión de portavoces no concello, e cando se celebraría a vindeira. A res-

posta do grupo municipal do PP foi *cando a alcaldía o considere necesario*. A voceira nacionalista amosou a súa indignación pola ausencia total de xuntas de voceiros preguntando *¿de qué xeito se supón que nos imos enterar nós do que pasa neste concello?*. Cea reprochou ademais ao grupo de goberno a falta absoluta de xuntanzas para informar e abordar o Plan Xeral, xa remitido á Xunta polo concello.

Os socialistas solicitaron a colocación de tres novas bocas de auga nas saídas da vila nas que o camión

moto-bomba poida cargar sen ter que atravesar o núcleo urbano. O grupo de goberno rexeitou a moción do PSOE alegando cuestións técnicas referidas á capacidade das tuberías e á presión da auga. O voceiro socialista, Manuel Prado, cualificou de inconcebible a negativa do concello, xa que así o camión bomba vese na obriga de abrir arquetas.

A nacionalista Socorro Cea solicitou a inclusión do concello de Melide no Fondo Galego de Cooperación. A resposta da alcaldesa, Ánxeles Vázquez, foi que estudarán a posibilidade e o que a adhesión leva implícito.

Outra das mocións presentadas polo BNG foi a relativa á redacción

dunha ordenanza sobre antenas de telefonía no concello. Segundo o Bloque, no 2002 xa se aprobara en pleno a redacción, pero aínda non hai tal texto. Dende a alcaldía aducíronse lagoas sobre dita cuestión no 2002, e propúxose que os grupos da oposición redactasen cadanseu borrador da ordenanza para consensualo co que, segundo Vázquez, está a redactar o Concello.

Orde do Camiño

O BNG solicitou no pleno a redacción dun informe detallado dos gastos que a Orde de damas e cabaleiros do camiño de Santiago lle veu costando ao Concello dende a súa fundación, así como o detalle


dos gastos da última edición. A resposta que a edil nacionalista obtivo da alcaldesa foi *é de risa*. Segundo Vázquez, o concello non vai emitir ningún tipo de informe, xa que se o BNG quere coñecer os gastos, só ten que pedirlos. Cea, sen embargo, lembrou que no 2003 o concello sufragou un xantar, *oficial* segundo Vázquez, na casa rectoral que lle costou ás arcas municipais 2.873 euros, e para o que o BNG tivo que agardar seis meses para obter dita información.

O pleno tamén rexeitou as mocións do BNG sobre obras. Tamén se abordou a cuestión do local que se destinará ao Consello Regulador da denominación Arzúa Ulloa.

Vai De CaMiño

SONS E REPRESENTACIÓNS NOS CAMIÑOS DE SANTIAGO

Setembro de 2006



xacobeo

1 DE SETEMBRO	SAMOS	VIRAVOLTA (Barriga Verde) Praza de España, 20 horas
	VILAMARTÍN	MAXIA (O MAGO TETO) Auditorio de Vilamarín, 20 horas
	MOS	TREIXADURA + ORFEÓN Santiaguiño- Guizán, 22 horas
	PADRÓN	BERROGÜETO Praza de Macías, 22 horas
	FERROL	SINIESTRO TOTAL DELUXE Campo de Fútbol, 22 horas
	RIANXO	SUSANA SEIVANE QUEMPALLOU Praza Castelao, 22 horas
2 DE SETEMBRO	SARRIA	BUDIÑO Praza da Vila, 22 horas
	MELIDE	MAXIA:MAGO RAFA Praza do Convento, 22 horas
	PEDRAFITA	SUSANA SEIVANE Praza do Concello, 22 horas
	MONTERREI	BRATH Patio das Lamas, 22 horas
	OROSO	PEPE VAAMONDE + SON DE SEU Campo da Feeira da Picota, 22 horas
	FISTERRA	MERCEDES PEÓN Porto da Vila, 22 horas
3 DE SETEMBRO	SAN CIBRAO	VIRAVOLTA (Barriga Verde) Explanada xunto ás piscinas de Ponte Noalla, 22 horas
	FRIOL	MAXIA: Mago Teto e Mago Rafa Exterior Plaza da Carballeira no Parque Rosalía, ás 20 horas
8 DE SETEMBRO	MONTERROSO	MUTENROHI Praza da Cúpula, 22 horas
	NEDA	BERROGÜETO Atrio da Igrexa de Santa María de Neda no centro da vila, ás 22 horas
9 DE SETEMBRO	ROIS	O XABARÍN CLUBE Praza da Igrexa na parroquia de Sorribas, 20.30 horas
		SON DE SEU Campo da Festa de Urdilde, 22 horas
	ARZÚA	MAXIA: MAGO ANTÓN Praza da Vila, 22 horas
	PIÑOR	O SON NOSO: Banda de música de Barbadás Praza do Arenteiro, 20.30 horas
10 SETEMBRO	PONTECESURES	MAXIA: O MAGO ANTÓN O Peirao, 22 horas
16 SETEMBRO	SARRIA	MARFUL Praza da Vila, 22 horas
	LALÍN	IVÁN FERREIRO MERCEDES PEÓN Praza da Igrexa, 22 horas
17 SETEMBRO	BETANZOS	NOVA GALEGA DE DANZA Praza Irmáns García Naveira, 22 horas
	PEDRAFITA	O SON NOSO: Banda de Música de Barro Praza do Concello,

A chuva, convidada inesperada no San Roque 2006

O mal tempo fixo que o Concello optase por engadir un día máis de festa

Redacción
Melide

As festas de San Roque 2006 tiveron un convidado inesperado: a chuva. As nubes non deron tregua ás celebracións, e fixeron acto de presenza os primeiros días. Foi precisamente ésta a razón pola cal o Concello e Espectáculos Ángel Seoane optaron a última hora por engadir un día máis de festa, o luns, día no que actuaron Grupo Limón e Máster.

O concerto inaugural das festas correu un ano máis a cargo da Orquestra Sinfónica de Melide, que congregou a un gran número de público no entorno da Praza do

Convento.

Durante os sete días de festa sucedéronse as actuacións de grupos folclóricos, bandas e orquestras. A nota local correu a cargo da banda municipal de Melide, Os Melidaos, a agrupación folclórica O Castelo e Froitonovo.

O día grande das festas deste ano foi o sábado. Co beneplácito da metereoloxía, as orquestras París de Noia e Panorama encheron as rúas melidenses de xente ávida por desfrutar sen o paraugas na man. O entorno da alameda converteuse en intransitable pola zona das terrazas, e a xente aguantou ata altas horas da madrugada. O sábado Melide converteu-



París de Noia foi unha das orquestras que máis público congregou

se en improvisada capital con xente chegada de tódolos puntos de Galicia e España. Pola rúa podíanse atopar visitatnes caracterizados do rei do rock, e mesmo houbo na zona dos viños un improvisado concerto a cargo de músicos da parroquia lalinense de

Muimenta.

Ao igual que o ano pasado, as atraccións de feira ubicáronse nas inmediacións do edificio multiusos, e os postos ambulantes repartíronse por distintas rúas da vila. Os máis pequenos desfrutaron das atraccións ao longo dos

sete días de festa, e aproveitaron o luns a celebración do día do neno.

O domingo, ademais da actuación da orquestra Olympus, tivo lugar o concerto de Muchachito Bombo Infierno, que achegou á vila a súa mistura de swing e rumba.

De preto | **Concerto de Muchachito**

O directo intachable dos Bombo Infierno convence en Melide

Lorena G.C. | Melide

Cando o reloxo marcaba a unha menos cuarto os Bombo Infierno saíron ao escenario enfundados nunha estética de puro eclecticismo que presaxiaba que alí pasaría algo bo. Comezaba o espectáculo. Puro directo no que rumba catalana e swing se dan misteriosamente a man conseguindo ritmos pegadizos que contentan ao heteroxéneo público que se achega ata o parque. Preséntase a banda, e pouco a pouco, coma

quen non quere a cousa os Bombo Infierno comezan a desgranar os temas do seu disco, *Vamos que nos vamos*. Para encher o escenario, un lenzo en branco que se encarga de ocupar o artista de cabeceira do grupo.

Entre o público os ánimos quecen e entre palmas e coros séguense de preto as cancións que saen da personal voz de Muchachito. O *Santa Coloma sound* apodérase do parque a golpe de metal e percusión recuperando clásicos como o *Sin Documentos*, e con guiños a un *A la som-*



Os Bombo Infierno conseguiron que o público de Melide vibrara coa súa rumba-swing

bra de los pinos que costaba recoñecer. Era momento para o *Siempre que quiera*, e o público cantaba o de *un día soñando en un sueño soñé* a unha soa voz, porque a metade do concerto os cataláns xa

tiñan á xente no peto.

Con guiños ao público, saídos por teléfono e desculpas ao vecindario sucedéronse os temas e chegaron os bises, preámbulo inevitable da despedida. Muchachito co seu insepa-

rable sombreiro abandonaba o escenario cos Bombo Infierno. O público deixaba o *ojalá no te hubiera conocido nunca* só para a letra da canción. Coñecelos foi un pracer.



Elvis tamén se achegou ata o San Roque



As atraccións ubicáronse no entorno do edificio multiusos



Os máis pequenos foron os protagonistas das festas durante o día



Panorama foi das orquestas que máis público xuntou



Dende Muimenta, música improvisada nos viños



A Sinfónica de Melide deu o pistoletazo de saída ás festas

Bodegas Mejuto: medio século achegado a Melide os mellores viños galegos

A empresa familiar distribúe tamén baixo a súa propia marca licores galegos

Lorena García Calvo
Melide

En 1954 daba os seus primeiros pasos o negocio familiar dos Mejuto. O pai de Luís Mejuto Fuciños, un dos actuais rexentes de Bodegas Mejuto, abría un pequeno negocio de alimentación que ao pouco tempo se convertía tamén en hospedaxe e casa de comidas nun Melide que comezaba a medrar. Non tardou moito Mejuto en adentrarse, de xeito paseño, no mundo do viño. José Antonio Mejuto conta como seu avó facía "venta de viño pouquiño a pouco. Ía nunha moto cun carriño pequeno a repartir viño, ata que puxo en marcha esta nave na que estamos agora, e puido traballar de xeito máis forte". Bodegas Mejuto é unha empresa enteiramente familiar que na actualidade rexentan Luís, o seu fillo José Antonio e a muller déste, María Jesús Ferreiro.

O viño é a base do negocio de Bodegas Mejuto. A empresa melidense distribúe e elabora viño de toda clase, pero esencialmente caldos galegos. Na cartei-

ra de clientes do negocio dos Mejuto mistúranse hostaleiros con particulares. "Hai clientes que temos dende hai corenta anos, que son xente moi fiel, e que mesmo nos axudaron a buscar novos clientes", lembra José Antonio, que engade que "a hostalería tamén está aí dende sempre e para nós é un mercado fundamental".

O camión e as dúas furgonetas de Bodegas Mejuto móvense por toda Galicia, pero os seus produtos e o seu selo chega máis aló de terras galegas. Melide é o centro de operacións para a empresa, e o seu primeiro mercado, pero zonas como Pontevedra, Coruña, Lugo ou Santiago reciben periódicamente a mercancía que demandan á adega melidense. Un servizo semanal regular a Bilbao serve para que Mejuto achegue os seus produtos a clientes de fóra de Galicia que se reparten tamén por Barcelona e Madrid.

Dende hai xa unha década, Bodegas Mejuto comezou a traballar nun novo nicho de mercado: os



Os Mejuto rexentan a adega dende hai máis de 50 anos

licores, coa marca tamén da empresa melidense. Licores de herbas, orujo blanco, de mel tostado, e crema de orujo son algúns dos brebaxes con selo da bodega de Melide. "Os licores cada vez funcionan mellor, como é o caso da crema de orujo, que foi un boom impresionante. Prácticamente fomos dos primeiros en probar a crema de orujo na zona, e tivo un éxito rotundo", comenta José Antonio, que engade que "mesmo

hai xente que te chama de Madrid ou Barcelona porque algún dos nosos distribuidores lles deu a coñecer algún destes produtos". Os licores son unha das carpetas de negocio nas que Mejuto máis está a traballar. "Últimamente no ambiente xuvenil a xente anímase máis a probar produtos de calidade como os licores galegos, e iso é bo porque potenciamos o noso. En Galicia temos uns licores estupendos".

Adegas de máxima confianza nutren de bos caldos os estantes da distribuidora melidense

A competencia no mundo dos viños cínquese sobre todo ás zonas vinícolas. "Cada pouco aparecen bodegas novas, con novos produtos, pero para facerlle fronte a iso hai que ter ao cliente fidelizado, e iso conséguese ofrecendo o mellor produto ao mellor prezo", esa é a fórmula máis efectiva para resistir os envites do propio mercado, afirma José Antonio Mejuto. As bodegas coas que a empresa melidense traballa están vencelladas a Mejuto dende hai moito tempo, "levan moitos anos no mercado e inspírannos moita confianza. Son case todas bodegas pequenas pero de prestixio". Trátase de adegas que levan ata 70 anos no mercado, e nas que a experiencia está amplamente contrastada. Aínda así, Mejuto tamén proba os produtos de novas bodegas, seleccionando as que mellores caldos e produtos lles poden servir.

Productos con calidade

Os viños galegos son o eixo sobre o que xira o negocio de Bodegas Mejuto. "Mencías e ribeiros en tintos, albariños en brancos, godellos, ribeiros tamén en brancos. Son sobre todo primeiras marcas, moi coñecidas" afirma José Antonio. Dende hai tempo Mejuto elabora os seus propios viños, quen envasa en briks de cinco e quince litros, e que levan o nome da empresa. "Non hai mellor publici-

dade que a calidade dun produto. Se ti ofreces ao consumidor un viño bo, él recoñecerá a marca", opina José Antonio, que cré que "a calidade do produto é o noso mellor lema". Aínda que a Terra de Melide non sexa unha zona vinícola, cada vez ten máis cultura de viño, e iso reflíctese á hora de mercar o produto. "A xente agora esixe mellores viños. Non se mira tanto o prezo, senón a calidade".



A empresa melidense distribúe os seus produtos por toda Galicia e parte de España

Trece aspirantes participaron na XVII edición do certame Pilar Platas, primeira melidense en gañar Miss Galicia terceira idade

*Andrés González e
José María Ourego
foron distinguidos
como místico guapo
e místico simpático*

Redacción
Melide

O pasado seis de agosto tivo lugar no parque melidense a XVII edición do certame Miss Galicia Terceira Idade. Por primeira vez unha melidense, Pilar Platas, fixose co título ao ser elixida polo xurado entre participantes chegadas de toda Galicia. A nova raíña da beleza da terceira idade galega recibiu a banda e a placa conmemorativa da man da súa predecesora no título, Josefa Fariña.

Esta edición foron 13 as participantes femininas que competiron e que desfilaron representando aos máis dunha ducia de centros sociais e residencias que se achegaron ata



Pilar é a primeira melidense en gañar o certame de beleza

Melide. Amáis das señoras, dous participantes masculinos competiron polos títulos de místico Guapo e místico Simpático, que se adxudicaron Andrés González e José María Ourego, respectivamente.

Os demais galardóns que

se repartiron durante o certame foron a par a mans de Benigna Mourente, miss fotoxenia, Ana Tojeiro, miss marchosa, Ana Paulo, miss simpatía, Julia Fernández, miss elegancia, María Muíño, miss beleza, e Elvira Rivas, miss verán.



As mulleres de A Maristela expoñen os seus traballos

A asociación de mulleres rurais A Maristela de Sobrado inaugurou o pasado 11 de agosto a exposición dos traballos realizados polas socias nos cursos impulsados dende o colectivo.

Traballos en vidro, cerámica, bolillos, costura, arte florar ou tapicería son parte da ampla mostra dos obxectos feitos polas socias de A Maristela. Ao acto de clausura dos cursos da asociación, e inau-

guración da exposición acudiron Tereixa Novo, Delegada Provincial da Igualdade e do Benestar, e a deputada provincial Socorro Cea, que acompañaron ás socias do colectivo.

A arqueoloxía será a protagonista das cuartas xornadas Ciencia e territorio

Redacción | Sobrado

Do 11 ao 13 de setembro Melide acollerá as IV Xornadas Ciencia e Territorio, que desta volta se centrarán na arqueoloxía. Profesores de ensino secundario de toda Galicia daranse cita nas instalacións do I.E.S. Melide e na biblioteca municipal para celebrar as distintas mesas redondas e conferencias que impartirán

prestixiosos catedráticos e mestres da USC, e perseguidos vencellados á arqueoloxía como é o director do Museo da Terra de Melide, Xosé Manuel Broz.

Amáis das conferencias, os participantes terán saídas de campo a lugares como o castro de Viladonga, a cidadela de Sobrado dos Monxes, ou zonas de Furelos e o Bocelo.

A Banda de Visantóna celebrou a XV edición da Festa do Socio

Redacción | Santiso

A Banda de Visantóna celebrou o pasado 25 de agosto a XV Festa do Socio e recuperación da memoria histórica. O acto comezou cun concerto na igrexa parroquial no que os Coros de Urdidle e da Escola de música de Visantóna interpretaron distintos temas. Un concerto no

Pazo de Vilar de Ferreiros da Banda de música de Visantóna foi o acto central da xornada, na que a formación estreou o "Himno á banda de música e ao vello caseto". Para poñer o punto e final á emotiva xornada, e logo dunha cea musical, nomeouse a Eugenio Pazos Reyes director perpetuo da formación.



CENTRAL:
Fernando González nº 4 - 3º Dcha
15004 A CORUÑA
Tel: 981 173 616 Fax: 981 602 120



PLANTA LA CORUÑA
Ctra. La Coruña - Corballo, km. 3
15008 A Coruña
Tel: 981 294 297 Fax: 981 294 297

PLANTA MONTESALGUEIRO
Ctra. Nacional VI, km. 555
Aranga - A Coruña
Tel: 981 789 338 Fax: 981 789 338

PLANTA MELIDE
Pol. Industrial Madanela, parc. 30
Melide - A Coruña
Tel: 981 507 891 Fax: 981 507 891

AUTOCONTROL DE CALIDAD CON SUPERVISIÓN EXTERNA

As peregrinacións a Santiago e as revoltas irmandiñas do século XV en Galiza, nunha exposición organizada en Lugo polo Xacobeo

O século XV galego, o período referencial das revoltas irmandiñas e das peregrinacións marítimas xacobeas, é o protagonista dunha exposición na cidade de Lugo, aberta ata o vindeiro 28 de outubro. O Centro Social Municipal Uxío

Novoneyra e mais a Capela do Pilar da Catedral son as dúas sedes desta mostra, organizada en colaboración do Bispado de Lugo, o Cabido da Catedral e mais o Concello, e titulada Os Capítulos da Irmandade. Peregrinación e conflito social na Galicia do século XV.

A sala de exposicións do Uxío Novoneyra alberga a meirande parte da montaxe, mentres que unha capela da catedral acolle a parte final do discurso expositivo. Bandeirolas identificativas do proxecto expositivo enlazan as rúas que conducen ás dúas sedes. Os visitantes poden guiarse polas bandeirolas para completar a historia sobre a peregrinación e as revoltas irmandiñas na Galiza do século sobre o que xira a mostra. A exposición pretende ser unha referencia para todos aqueles interesados no fenómeno irmandiño e no estudo dunha época concreta da Historia de Galiza como é o século XV, un tempo tamén no que as peregrinación por vía marítima, procedentes da Europa atlántica, alcanzan o seu apoxeo. Un deseño e unha montaxe especialmente creados para as salas que acollen a mostra potencian o valor das pezas que se expoñen. Están acorde coas concepcións museográficas máis anovadoras do momento e utilizan o verde como cor base.

Xa que logo, dende o 4 de agosto ao 28 de outubro,

Lugo é a cidade de referencia para os estudosos e interesados nas revoltas irmandiñas e na sociedade da época na que se desenvolveron. A mostra está integrada por 151 pezas que se dividen entre as dúas sedes da mesma: 134 poden visitarse na sala de exposicións do Centro Social Uxío Novoneyra e 17 na Capela do Pilar da Catedral lucense.

Os Capítulos da Irmandade. Peregrinación e conflito social na Galicia do século XV intenta transmitir a permanencia do fenómeno da peregrinación xacoea no século XV, nun momento de gran crise social en Europa, sumamente adverso en todos os aspectos, tanto políticos, como económicos e sociais, e por suposto, relixiosos. A época na que se sitúa a exposición é un período de chegada de gran cantidade de obras de arte do estranxeiro a Galiza. Nese contexto, analízase, a través das pezas expostas, o momento das revoltas irmandiñas entre os anos 1467 e 1469.

Os Capítulos da Irmandade está acompañada dun catálogo do que se editaron 2.000 exemplares en galego e 2.000 en castelán. O volume ofrece os elementos que forman parte da exposición, pero inclúe unha visión máis ampla da época e un estudo pormenorizado da Galiza do século XV, dende o punto de vista do conflito social. Tamén se editaron folletos nos mesmos idiomas recollendo o esencial da mostra.

A exposición permanece aberta todos os días da semana de 10 a 14 horas e de 16 a 21 horas. A entrada é de balde. A mostra estará aberta ata o 28 de outubro.

Entre os voluminosos retirados, había dous cráneos de vaca Retiran media tonelada de lixo na primeira xornada de limpeza do Furelos

Unha trintena de persoas responderon á convocatoria da Asociación de Troiteiros

Redacción
Toques

O 26 de agosto tivo lugar a primeira das tres xornadas de limpeza programadas pola Asociación de Troiteiros Río Furelos de Melide. Os arredor de 30 participantes que colaboraron na retirada de lixo do cauce do Furelos recolleron preto de media tonelada de residuos. Segundo informou o colectivo, entre os obxectos recollidos atopábase unha caixa rexistradora, un colchón, dous calefactores, un televisor e dous cráneos de vaca.

Coas xornadas de limpeza do río a Asociación de Troiteiros Río Furelos pretende denunciar o mal estado do río de Melide,




Na primeira xornada recolleuse media tonelada de lixo

así como recoller todo o lixo posible do Furelos e concienciar á xente no respecto e no coidado dos ríos. O dous e o nove de setembro son as outras datas marcadas polo colectivo para continuar coa limpeza do río.

Escrito á Consellería

A Asociación de Troiteiros Río Furelos enviou a prin-

cípios de mes un escrito á Consellería de Medio Ambiente para informala do estado no que se atopa o cauce do río á altura da praia fluvial, unha zona chea de lodos. Segundo o colectivo, o mal estado do río está obrigando a moita xente a desprazarse a outros concellos con áreas recreativas ben acondicionadas.



Siniestro Total voltou a Melide da man do Xacobeo

A programación cultural do Xacobeo chegou a Melide a Siniestro Total. A actuación do grupo vigués organizouse dentro

do programa Vai de Camiño, Foi o pasado 25 de agosto nas inmediacións do edificio Multiusos. Tras dezaseis

anos sen pisar terras melidás, o grupo ofreceu un concerto no que non se esqueceu dos seus temas insignia.

A área fluvial de Furelos acolheu a terceira festa do programa Lecer para os nosos maiores

Melide, capital dos maiores por un día

Anxo Quintana deuse un baño de multitudes na súa visita á zona recreativa

Lorena García Calvo
Melide

A área recreativa do río Furelos converteuse o primeiro domingo de setembro na capital galega dos maiores ao acoller a terceira festa Lecer para os nosos maiores, organizada pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Máis de 6.000 persoas chegadas de toda a provincia da Coruña e doutros puntos de Galicia participaron na xornada festiva na que en ningún momento faltou a animación.

Ás nove da mañá comezaron a chegar os primeiros dos 106 autobuses que transportaron aos participantes. Para animar o

ambiente, a festa contou con Xosé Manuel Piñeiro, Superpiñeiro, como mestre de cerimonias.

Pouco antes das 12 da mañá chegaba a Furelos o vicepresidente da Xunta de Galicia, Anxo Quintana, acompañado por Tereixa Novo, delegada provincial da Igualdade e do Benestar, e dun nutrido grupo de cargos do Bloque Nacionalista Galego, entre os que se atopaban os representantes locais con Socorro Cea á cabeza. Tamén acudiu a Furelos o grupo de goberno local, xunto can Ánxeles Vázquez, así como Manuel Prado e Chus Iglesias do PSOE, ade-



Anxo Quintana percorreu o entorno de Furelos, no que había postos de artesanía

máis de asociacións e colectivos do municipio, entre os que estaba ASE-TEM-CCA.

Quintana dirixiuse aos

presentes dicindo que *hoxe os protagonistas son os maiores*. O vicepresidente reiterou a intención do goberno de incremen-

tar o número de prazas públicas de residencias e, procurar que os maiores poidan estar o máximo tempo nas súas casas.

A música, tamén con sello local, amenizou toda a xornada

Os máis de 6.000 participantes na festa de Lecer para os nosos maiores tiveron en Furelos o centro de actividades, se ben boa parte deles desprazáronse ata a vila para xantar, posto que cada maior debía costearse a súa comida. Para animar a festa, durante toda a xornada sucedéronse as actuacións. A fin de facilitar os traslados, dous trens e varios autobuses percorreron durante todo o día o traxecto entre Furelos e a vila.

Para iniciar con forza a xornada, Superpiñeiro foi o primeiro en subirse ao escenario, tardando pouco en meterse no peto aos participantes na festa. A nota local puxérona os grupos Axóuxere, Froito Novo, Os Melidaos, e o Castelo. Dende Narón



Superpiñeiro exerceu de mestre de cerimonias

chegou a orquestra Montes, dende Allariz Os Festicultores Troup, e para os máis pequenos o Xabarín estivo nas inmediacións do multiusos. A música non parou en ningún momento, e houbo quen, como Superpiñeiro, se atreveu

a tocar cos gaiteros de Os Melidaos.

Para que a festa transcorrese sen incidentes, movilizouse un amplo operativo con 40 voluntarios do municipio, Protección Civil, Policía Local, Garda Civil e Cruz Vermella.



Os participantes xantaron en Furelos e en locais da vila



Improvisadas bailarinas acompañaron a O Castelo

**Teléfonos de
interese**

Autobuses

Actos

URXENCIAS	
UrxenciasSanitarias.....061	
Bombeiros.....080	Consevatorio
Incencios Forestais.....085	981507100
	Polideportivo
	981507752
ORDE PÚBLICA	
Policía Municipal	
Urxencias.....092	Centro Social da 3ª Idade
Melide.....981505003	981505706
Policía Nacional091	Parada de Taxis
Garda Civil	981505390
Urxencias.....062	Albergue Xuvenil
Melide.....981505007	981507412
S.O.S	Albergue do Peregrino
S.O.S Galicia.....112	660396822
Protec.Civil.....670498848	Centro Ocupacional
	981505003
	A.S.E.T.E.M
	981506188
TRANSPORTES	
Renfe	
Nacional.....902240202	Fundación Terra de Melide
A Coruña	981507244
Santiago	I.E.S. de Melide
Autobuses	981505162
A Coruña.....981239099	C.E.I.P nº1.....981505238
Santiago.....981542416	C.E.I.P nº2.....981505929
Melide.....981505204	Gardería.....981505003
Aeropostos	U.A.F. de Melide
A Coruña.....981187200	981 507742
Santiago.....981547500	
Vigo.....986268200	
	SANTISO
	Casa do Concello
	981818501
SERVIZOS E INSTITUCIÓN	
Atención ao cidadán	Centro de Saúde
981120012	Agrochao.....981517803
Valedor do pobo	Visantoña.....981510749
981571900	Xulgado de Paz
	981 818501
Economía facenda	
981545151	SOBRADO
Industria e Comercio	
981544341	Casa do Concello
	981787508
Sevizo Galego Colocación	Desenvolvemento local
981125000	981787508
Teléfono da Muller	Centro de Saúde
900400273	981787744
Teléfono do Menor	Mosteiro de Sobrado
900444222	981787509
Dirección Xeral de Tráfico	Xulgado de Paz
900125505	981787508
Correos.....902197197	
Auga.....981242322	
Electricidade.....981147200	TOQUES
Gas.....900760760	
	Casa do Concello
	981505826
MELIDE	
	Centro de Saúde
Casa do Concello	981507301
981505003	Xulgado de Paz
Centro de Saúde	981505826
981506176	
Servizos Sociais	
981505012	

MELIDE - A CORUÑA	6.45, 7.50, 10.15, 11.55, 14.05, 14.40 (per. lectivo), 15.25, 17.50, 20.20
De luns a venres:	
9.30, 13.15, 17.00, 20.45,	
Sábados:	Sábados:
9.30, 13.15, 17.00, 20.45	7.50, 10.15, 11.55, 15.25, 17.50
Domingos e Festivos:	Domingos e festivos:
9.30, 17.00, 20.15, 20.45, 22.30	7.50, 11.55, 15.25, 17.50, 20.20
Parada fronte á Cafetería Marta A CORUÑA - MELIDE	Parada fronte á Pizzería Xoldra
De luns a Venres:	
8.00, 11.30, 15.30, 19.00	MELIDE - LUGO
Sábado:	De luns a venres:
8.00, 11.30, 15.30, 19.00	7.55, 10.10, 11.55, 13.35, 16.05, 16.55, 19.25, 20.50, 21.50 (só venres lectivos)
Domingos e Festivos:	Sábados:
8.00, 11.30, 15.30, 17.00, 19.00	7.55, 11.55, 13.35, 16.55, 19.25
MELIDE - FERROL	Domingos e festivos:
De luns a venres:	7.55, 11.55, 16.55, 19.25, 20.50
Non hai liña	Parada fronte ao antigo bar Capitol.
Sábados:	
19.15	
Domingos e Festivos:	
19.15	
Parada fronte á Cafetería Marta FERROL - MELIDE	TOQUES - MELIDE (Folladela-Fondevila)
De luns a venres:	Luns a venres laborables:
Non hai liña	Saída de Fondevila: 10.20
Sábados:	Saída de Melide: 12.30
10.30	Domingos excepto último de mes:
Domingos e festivos:	Saída de Fondevila: 8.15 e 11.00
17.00	Saída de Melide: 13.00
MELIDE - OURENSE	Último domingo de mes:
De luns a venres:	Saída de Fondevila: 7.45
9.30, 12.30, 17.00, 20.00	Saída de Melide: 13.00 e 14.00
Sábados:	
9.30, 12.30, 17.00, 20.00	
Domingos e festivos:	
9.30, 12.30, 17.00, 19.00, 20.00	MELIDE - TOQUES (Fondevila-Folladela)
Parada fronte á Cafetería Marta OURENSE - MELIDE	Martes e venres lab-orables:
De luns a venres:	Saída de Folladela: 8.30
8.00, 12.00, 15.30, 19.15	Saída de Melide: 12.30
Sábados:	Domingos excepto último de mes:
8.00, 12.00, 15.30, 18.00, 19,15	Saída de Folladela: 8.40
Domingos e Festivos:	Saída de Melide 13.00
9.30, 15.30, 18.00, 19.15, 21.00	Último domingo de mes:
	Saída de Folladela: 8.30
	Saída de Melide: 13.00 e 14.00
MELIDE - SANTIAGO	
De luns a venres:	

SETEMBRO
-Venres 8: concerto dos coruñeses Someplace no Pub Gatos.
-Domingo 10: festa de San Caralampio en Melide.
-Luns 11: inicio do curso escolar nos colexios de educación infantil e primaria.
-11, 12 e 13: Xornadas Ciencia e Territorio. A Arqueoloxía no IES de Melide, e con saídas a outros municipios.
-14 e 15: festas en Ponte Arcediago (Santiso).

José Rodríguez, Cafetería Marta

“Hai xente que comezou a vir ó Marta con vinte anos, e que xa logo retirará e segue vindo”

Dende hai case corenta anos atópase no Cantón de San Roque a cafetería Marta, un dos locais máis populares da vila. A cafetería é punto de encontro á hora do almorzo, do café e da partida. Un lugar con tradición polo que xa pasaron varias xeracións de clientes. Aínda que o

sector hostaleiro non atravesa o seu mellor momento, os meses de verán son sempre un sopro de vida para os negocios. Este San Roque a climatoloxía non foi benévola cos hostaleiros, pero compénsase cobo comezo do mes de setembro.

Redacción
Melide

En pleno Cantón de San Roque atópase unha das cafeterías máis coñecidas e frecuentadas de Melide, cafetería Marta. Un local con nome propio que abriu as súas portas hai varias décadas. Dende hai máis de quince anos José Rodríguez Valiño, Ayala, rexenta o local.

-Qué foi o que o impulsou a facerse cargo da cafetería Marta?

-Pois foi unha decisión tomada case sen pensar. Viñen de vacacións de Suíza e atopámonos con que se traspasaba esta cafetería. Estaba aquí meu cuñado e animámonos a pedir-lles presuposto aos donos. Pensámolo tres días, e aceptamos. Foi case da noite para a mañá.

-A decisión, aínda que impulsiva, saíu ben, non?

-Sí, eu creo que sí. Houbo que facer reformas no



Ayala leva máis dunha década trala barra da Cafetería Marta

local, meter a instalación toda nova e traballar duro, pero saíu todo ben.

-Tantas horas dan para atender a un público variado.

-Sí, hai de case todo, pero hai máis xente maior. Os sábados é cando tes máis clientela nova. Despois pola tardes ven moita xente a xogar a partida. Trabállase moito nos almozos, nos cafés despois de comer, e os domingos. Polas noites en inverno non hai moito traballo.

-Os veráns son unha época tan boa para as cafeterías de Melide como parece?

-Nos veráns hai o dobre de xente ca no meses de inverno. A hostalería en xeral baixou moitísimo,

principalmente as noites. Non sei se é polo alcohol, polo euro, ou por qué, pero o negocio cambiou moito. Nos anos noventa houbo un período de sete ou oito anos no que había moitísima xente. Influíu tamén que tiñamos a discoteca ao lado, e funcinaba ben. Agora vai todo regular, pero non é só aquí. É en todos lados. Aquí pola semana a partir das 12 da noite non hai ninguén. Hai tres ou catro persoas e acabouse.

-Que tal foi o San Roque?

-Os primeiros catro días moi mal. Fíxose a metade que o ano pasado. Despois do San Roque, estas semanas estivo bo tempo, e axudou a compensar. Pero o que foron os días de festa, bastante mal debido ó tempo.

-E iso que o Marta se atopa nun sitio privilegiado.

-Sí, a verdade é que a cafetería está nun sitio privilegiado. Temos a parada de autobuses e a de taxis enfrente. Este bar ás veces penso que xa é algo máis ca iso. Polas mañás por exemplo pode chegar a soar o teléfono ata corenta veces; pregúntanche polos horarios dos autobuses. Chámante dende fóra para saber o número daquel restaurante. Se é para inscribirse no fútbol sala, anótanse aquí...

-Iso débese a que a clientela ten confianza.

-Sí, supoño que sí. Aquí veñen clientes de toda a vida. Hai xente que estaba acostumada a vir cando o negocio o tiñan os primeiros donos, que seguiron cos segundos, e que conti-

núan vindo con nós. Supoño que se atopan a gusto e teñen confianza no local. Hai quen comezou a vir aquí con vinte anos, e que xa logo retirará, e segue vindo.

-Canta xente fai falla para atender un negocio coma este?

-Pois traballan dúas persoas, e máis eu, e tamén bota unha man a miña familia.

-É un negocio sufrido.

-Moito. É moi canso e pídeche moita dedicación.

-Estes días estase a falar moito da nova normativa que terán que cumprir

Os primeiros catro días do San Roque fíxose a metade ca outros anos por causa do mal tempo

os establecementos hostaleiros respecto ao tabaco.

-Sí. A nós xa nos comentaran que tiñamos que retirar a máquina de tabaco. Agora semella que a cousa quedou así. Despois está o tema da separación das zonas.

-Cré que a nova normativa afectará negativamente ao sector?

-Para nós en xeral creo que era moito mellor que deixaran a cuestión como estaba. A solución penso que estaría en que, ao igual que pasa noutros países europeos, algúns bares permitisen fumar, e outros non. O problema está no de sempre, que nun mesmo grupo pode que haxa xente que fume, e outros que non. O tema vai estar complicado.

Nos veráns hai o dobre de xente ca nos meses de inverno, pero aínda así a hostalería baixou moito

local, meter a instalación toda nova e traballar duro, pero saíu todo ben.

-É difícil chegar e facerse cargo dun día para outro dun local de hostalería?

-Sí. Ao principio sí, porque o negocio estaba bastante baixo, pero tamén hai que darse conta de que está nunha boa ubicación, e iso axuda. De todos xe-

Editorial	P2	Empresa e comercio	P10
Opinión	P3	Lecer e cultura	P11
Melide	P4	Axenda	P14
Publicidade	P7	A entrevista do mes	P15
Especial San Roque	P8		

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE- CENTRO COMERCIAL ABERTO (A.S.E.T.E.M- C.C.A.).
Nº18. 1 de agosto -1 de setembro de 2006. Distribución gratuíta. Tamén en internet: www.asetem.com

San Caralampio (A nosa festa): sesenta anos ininterrompidos de historia (1964-2006)

Xosé Domingos Fuciños

Celebramos este ano, o vindeiro 10 de setembro, segundo domingo de mes, a sesenta edición da festa de San Caralampio, de xeito ininterrompido dende a primeira festa aló polo 1946. Xa choveu, pero por certo, témola anécdota que polo día santo, os primeiros vintecinco anos non chovera, de aí que nun cartel humorístico de 1971 aparece un sol ca lenda "San Caralampio, 25 anos de sol".

A festa foi fundada polo "bo e xeneroso" médico municipal titular Don Alberto de La Fuente Rodríguez, o industrial Don Xesús Noguero Piñeiro e Don Xesús Fondevila Castro, funcionario municipal.

Don Alberto era de Santiago, e foi o que trouxo a Melide esta festa que celebraban en Santiago no barrio de Vista Alegre dende fai moitos



Don Alberto de La Fuente con varios colaboradores no ano 1965

anos.

Había moita xente que decía que San Caralampio non existira e que era unha invención de Don Alberto e os seus axudantes, pro sí que existiu, xa que foi un martir antioqueno (de Antioquia-Siria) do século V. A orixe do nome é grega, composición de Kara "alegría" e lampo, "brillar", sendo o significado

que "da alegría", ou que "resplandece de alegría", significado que se axeita ao ambiente da chamada, versus popular, "Festa dos borrachos". Pero non ten nada que ver coa situación dos derradeiros anos, onde perdeu o seu carácter orixinario desvirtuándose cas pistolas de plástico e demais armamento para tirar o viño

uns a outros. Isto non foi nin é, nin será San Caralampio. No ano 1973, faleceu Don Alberto, e con permiso da familia, seguen coa festa Manolito Castro, Sarandeses, Manolo Parrado, Carlos de Dona Inés e Domingos Fuciños. Hoxendía están Xoán Prado e os compañeiros, xunto coa colaboración de Manolo

Parrado, Isabel do Folicheiro e moitos e moitas máis, que fan imposible que siga.

Cómpre non esquecerse de tódalas actividades que houbo e da xente que colaborou: tiro á lata, tiro ó prato, debuxo "Alberte de la Fuente", motocross, fútbol ases-brandos, mexilóns, pementos, cachelos, pan, viño, coros na Igrexa parroquial, folk galés, grupo de Seixas de Portugal, carteis humorísticos, feitura do santo, conxunto NHV (Non hai verbena), gaiteiros, carneiros, etc... e sobre todo, desenfado e ledicia.

Remato lembrándome de todos os que fixeron posible a festa do San Caralampio, que xa non están con nós, pido a colaboración do pobo para a comisión, e desexo que A Nosa Festa recupere o carácter de sempre e desapareza o de tirar o viño e demais.



CANTERAS DEL ARENAL CANTERAS DE RICHINOL



ARIDOS Y EXCAVACIONES



[C/ Arenal, Nº 64 . Entreplanta Izquierda - LALÍN]
[Teléfono: 986 78 71 02 Fax: 986 78 74 12]
[E-mail: arenal@canterasare.com]

